

COÑECE O TRABALLO E POTENCIAL DO
COOPERATIVISMO NUN ROTEIRO POR
SANTIAGO DE COMPOSTELA!

ROTEIRO COOPERATIVO

espazo coop
unión de cooperativas galegas

CONCELLO DE
SANTIAGO

FEITO EN
SANTIAGO
COE ECONOMÍA SOCIAL

Queres coñecer de primeira man o traballo de cooperativas galegas? Aínda non sabes que é a economía social, os seus principios e valores? Estás pensando en formar unha empresa e queres coñecer como funciona unha cooperativa? Queres camiñar por Compostela dun xeito diferente?

QUE É ESTA ACTIVIDADE?

O Roteiro Cooperativo é unha actividade da Unión de Cooperativas EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é divulgar a economía social e os seus valores, a través dunha ruta guiada na que coñecer de preto catro cooperativas da cidade de sectores moi diferentes.

Porque a economía social está moito máis presente na sociedade do que pensamos! De feito, Galicia xerá un 7% do seu PIB e hai preto de 5.000 entidades da economía social e 100.000 persoas vinculadas a elas.

A QUEN VOU COÑECER?

No Roteiro Cooperativo 2026 visitaremos a...

AlmaZen de loga, un espazo para o coidado integral do corpo. Centro de loga e Meditación con actividades para públicos diversos. Prestan tamén servizos para a mellora da saúde a empresas, clases particulares e aluguer do espazo.
Rúa da República de El Salvador, 25
almazendeyoga.com

NUMAX, unha iniciativa para o audiovisual e a creación cultural. Conta con sala de cinema, librería, programación para escolas e un laboratorio, dende onde desenvolven proxectos de deseño, comunicación e produción e posprodución de vídeo.
Concepción Arenal, 9 - Baixo
numax.org

Creativas Galegas, un colectivo de profesionais de pequenas marcas do eido cultural galego. Na súa tenda, o Mercado Galego da Creatividade, podes atopar produtos diversos de máis de corenta marcas de calidade e consumo responsable.
Rúa da Caldeirería, 36
creativasgalegas.gal

Cestola é un espazo de creatividade, dedicado ao muralismo, ilustración e estampación. Na súa tenda Oficina rúa podes ver mostras do seu traballo. Aplican a pintura e a ilustración a diversos formatos e realizan murais por encargo.
Rúa de San Pedro, 52.
<https://www.instagram.com/oficinarua/?hl=es>

COMO É O PERCORRIDO?

O percorrido ten unha duración aproximada de tres horas e dous quilómetros de distancia. Está guiado por unha persoa de EspazoCoop, que irá compartindo informacións sobre a economía social e o cooperativismo galego.

A ruta é accesible para todo tipo de públicos.

A ACTIVIDADE É DE BALDE CON PRAZAS LIMITADAS, APÚNTATE XA!

INTERÉSAME! COMO ME INSCRIBO?

Inscríbete en: info@espazo.coop

Máis información en www.espazo.coop